

I. Disposicións xerais

XEFATURA DO ESTADO

24419 LEI 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos. («BOE» 307, do 24-12-1999.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A diferenza da maior parte de países europeos, en España a penas existen normas sobre animais potencialmente perigosos, non obstante dárense unhas circunstancias análogas ás daqueles países que adoptaron medidas específicas na materia.

Por iso, co fin de garantir adecuadamente a seguridade pública, atribuída ó Estado en virtude do disposto no artigo 149.1.29.^a da Constitución, sen prexuízo das competencias que, de acordo con seus estatutos, teñan atribuídas as comunidades autónomas en materia de protección de persoas e bens e mantendo a orde pública, faise preciso regula-las condicións para a posesión de animais que poidan manifestar certa agresividade cara ás persoas por unha modificación da súa conducta a causa do adestramento recibido e das condicións ambientais e de manexo a que son sometidos por parte dos seus propietarios e criadores.

Deste modo, esta lei aborda a posesión de animais potencialmente perigosos, materia obxecto de normas municipais fundamentalmente, a regulación da cal a nivel estatal se considera conveniente debido a que a proliferación da posesión de animais salvaxes en catividade, en domicilios ou recintos privados, constitúe un perigo potencial para a seguridade de persoas, de bens e doutros animais.

Por outra parte, diversos ataques contra persoas, protagonizados por cans, xeraron un clima de inquietude social e obrigan a establecer unha regulación que permita controlar e delimita-lo réxime de posesión de cans potencialmente perigosos.

Considérase que a perigosidade canina depende tanto de factores ambientais como de factores xenéticos, da selección que se faga de certos individuos, independentemente da raza ou da mestizaxe e tamén de que sexan especificamente seleccionados e adestrados para o ataque, a pelexa e para inferir danos a terceiros. Así, cans de razas que, de forma subxectiva, se poderían catalogar como «perigosos» son perfectamente aptos para a pacífica convivencia entre as persoas e os demais animais, incluídos os seus conxéneres, sempre que lles fosen inculcadas as adecuadas pautas de comportamento e que a selección practicada na súa crianza tivese por obxecto a minimización do seu comportamento agresivo.

Partindo desta premisa, o concepto de can potencialmente perigoso expresado nesta lei, non se refire ós que pertencen a unha raza determinada, senón ós exemplares caninos incluídos dentro dunha tipoloxía racial concreta e que polas súas características morfolóxicas, a súa agresividade e a súa acometida, son empregados para o ataque ou a pelexa, así como os animais nados de cruzamentos interraciais entre calquera destes e con calquera doutros cans. En todo caso, e non estando estes cans inscritos en ningún libro xenealóxico recoñecido polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, xa que non son de raza pura senón procedentes da mestizaxe indiscriminada, as características en profundidade de todos eles serán concretadas de forma regulamentaria para que poidan ser reputados como potencialmente perigosos.

Por todo iso, co fin de minimiza-los riscos de futuras molestias e ataques a seres humanos e a outros conxéneres ou outras especies animais que nalgúns casos levaron consigo a súa morte, faise necesario regula-lo réxime de posesión dos animais considerados potencialmente perigosos, e limitar, así mesmo, as prácticas inapropiadas de adestramento para a pelexa ou o ataque e outras actividades dirixidas ó fomento de súa agresividade.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Esta lei ten por obxecto establece-la normativa aplicable á posesión de animais potencialmente perigosos para facela compatible coa seguridade de persoas e bens e doutros animais.

2. Esta lei non será de aplicación para os cans e animais pertencentes ás forzas armadas, forzas e corpos de seguridade do Estado, corpos de policía das comunidades autónomas, policía local e empresas de seguridade con autorización oficial.

3. Esta lei aplicarase sen prexuízo do establecido na lexislación vixente en materia de especies protexidas.

Artigo 2. *Definición.*

1. Con carácter xenérico, considéranse animais potencialmente perigosos tódolos que, pertencendo á fauna salvaxe e sendo utilizados como animais domésticos ou de compañía, con independencia de súa agresividade, pertencen a especies ou razas que teñan capacidade de causarlle-la morte ou lesións ás persoas ou a outros animais e causarlles danos ás cousas.

2. Tamén terán a cualificación de potencialmente perigosos os animais domésticos ou de compañía que regulamentariamente se determinen, en particular, os pertencentes á especie canina, incluídos dentro dunha tipoloxía racial que, polo seu carácter agresivo, tamaño ou potencia de mandíbula, teñan capacidade de causarlle-la morte ou lesións ás persoas ou a outros animais e causarlles danos ás cousas.

Artigo 3. *Licencia.*

1. A posesión de calquera animal clasificado como potencialmente perigoso, ó abeiro desta lei, requirirá a previa obtención dunha licencia administrativa, que será outorgada polo concello do municipio de residencia do solicitante ou, con previa constancia neste concello, polo concello no que se realiza a actividade de comercio ou adestramento, unha vez verificado o cumprimento de, polo menos, os seguintes requisitos:

- a) Ser maior de idade e non estar incapacitado para proporcionarlle ó animal os cuidados necesarios.
- b) No ter sido condenado por delitos de homicidio, lesións, torturas, delitos contra a liberdade ou contra a integridade moral, a liberdade sexual e a saúde pública; de asociación con banda armada ou de narcotráfico, así como ausencia de sancións por infraccións en materia de posesión de animais potencialmente perigosos.
- c) Certificado de aptitude psicolóxica.
- d) Acreditación de ter formalizado un seguro de responsabilidade civil por danos a terceiros que poidan ser causados polos seus animais, pola contía mínima que regulamentariamente se determine.

Este precepto desenvolverase regulamentariamente.

2. As comunidades autónomas e as corporacións locais serán competentes segundo os respectivos estatutos de autonomía e lexislación básica de aplicación para dicta-la normativa de desenvolvemento.

Artigo 4. *Comercio.*

1. A importación ou entrada en territorio nacional de calquera animal que for clasificado como potencialmente perigoso ó abeiro desta lei, así como a súa venda ou transmisión por calquera título estará condicionada a que, tanto o importador, vendedor ou transmitente como o adquirente, obtivesen a licencia a que se refire o artigo anterior.

2. A entrada de animais potencialmente perigosos procedentes da Unión Europea deberá axustarse ó previsto nesta lei, sen prexuízo do establecido na normativa comunitaria.

3. A introducción de animais potencialmente perigosos procedentes de terceiros países haberá de efectuarse de conformidade co disposto en tratados e convenios internacionais que lle sexan de aplicación e axustarse ó disposto nesta lei.

4. As operacións de compravenda, traspaso, doazón ou calquera outra que supoña cambio de titular de animais potencialmente perigosos requirirán o cumprimento de, polo menos, os seguintes requisitos:

- a) Existencia de licencia vixente por parte do vendedor.
- b) Obtención previa de licencia por parte do comprador.
- c) Acreditación da cartilla sanitaria actualizada.
- d) Inscripción da transmisión do animal no rexistro da autoridade competente en razón do lugar de residencia do adquirente no prazo de quince días desde a obtención da licencia correspondente.

5. Tódolos establecementos ou asociacións que alberguen animais potencialmente perigosos a que se refire esta lei e se dediquen á súa explotación, cría, comercialización ou adestramento, incluídos os centros de adestramento, criadeiros, centros de recollida, residencias, centros recreativos e establecementos de venda deberán obter para o seu funcionamento a autorización das autoridades competentes, así como cumprir coas obrigas rexistras previstas no artigo 6 desta lei.

6. Naquelas operacións de importación, exportación, tránsito, transporte ou calquera das previstas nas

alíneas anteriores que non cumpran os requisitos legais ou regulamentariamente establecidos, a Administración competente poderá proceder á incautación e depósito do animal ata a regularización desta situación, sen prexuízo das sancións que puideren recaer.

7. Cando as operacións descritas nas alíneas anteriores se refiran a animais incluídos nas clasificacións de especies protexidas, seralles, ademais, de aplicación a lexislación específica correspondente.

CAPÍTULO II

Obrigas dos propietarios, criadores e posuidores

Artigo 5. *Identificación.*

Os propietarios, criadores ou posuidores dos animais a que se refire esta lei terán a obriga de identificar e rexistrar estes na forma e mediante o procedemento que regulamentariamente se determine.

No caso de animais da especie canina a identificación, coa debida garantía, é obrigatoria sen excepcións.

Artigo 6. *Rexistros.*

1. En cada municipio ou órgano competente existirá un rexistro de animais potencialmente perigosos clasificado por especies, no que necesariamente haberán de constar, polo menos, os datos persoais do posuidor, as características do animal que fagan posible a súa identificación e o lugar habitual de residencia del, especificando se está destinado a convivir cos seres humanos ou se, pola contra, ten finalidades distintas como a garda, protección ou outra que se indique.

2. Incúmbelle ó titular da licencia a obriga de solicita-la inscrición no rexistro a que se refire o número anterior, dentro dos quince días seguintes á data en que obtívase a correspondente licencia da administración competente.

3. En cada comunidade autónoma constituirase un rexistro central informatizado que poderá ser consultado por tódalas administracións públicas e autoridades competentes, así como por aquelas persoas físicas ou xurídicas que acrediten ter interese lexítimo no coñecemento dos datos que constan nel. Para estes efectos, considerase, en todo caso, interese lexítimo o que posúe calquera persoa física ou xurídica que desexe adquirir un animal destas características.

4. Calquera incidente producido por animais potencialmente perigosos ó longo da súa vida, coñecido polas autoridades administrativas ou xudiciais, farase constar na folla rexistral de cada animal, que se pechará coa súa morte ou sacrificio certificado por veterinario ou autoridade competente.

5. Deberá comunicárselle ó rexistro municipal a venda, traspaso, doazón, roubo, morte ou perda do animal, facéndoo constar na súa correspondente folla rexistral.

6. O traslado dun animal potencialmente perigoso dunha comunidade autónoma a outra, sexa con carácter permanente ou por período superior a tres meses, obrigará o seu propietario a efectua-las inscricións oportunas nos correspondentes rexistros municipais. En todo caso, o uso e tratamento dos datos contidos no rexistro será acorde co disposto na Lei orgánica 5/1992, do 29 de outubro.

7. Nas follas rexistras de cada animal farase constar igualmente o certificado de sanidade animal expedido pola autoridade competente, que acredite, con periodicidade anual, a situación sanitaria do animal e a inexistencia de enfermidades ou trastornos que o fagan especialmente perigoso.

8. As autoridades responsables do rexistro notificaránlles de inmediato ás autoridades administrativas

ou xudiciais competentes, calquera incidencia que conste no rexistro para a súa valoración e, se é o caso, adopción de medidas cautelares ou preventivas.

9. O incumprimento polo titular do animal do preceptuado neste artigo será obxecto da correspondente sanción administrativa, de conformidade co disposto no artigo 13 desta lei.

Artigo 7. *Adestramento.*

1. Queda prohibido o adestramento de animais dirixido exclusivamente a acrecentar e reforza-la súa agresividade para as pelexas e ataque en contra do disposto nesta lei.

2. O adestramento para garda e defensa deberá ser efectuado por adestradores que estean en posesión dun certificado de capacitación expedido ou homologado pola autoridade administrativa competente.

3. Os adestradores en posesión do certificado de capacitación deberán comunicar trimestralmente ó rexistro central informatizado a relación nominal de clientes que fixeron adestrar un animal potencialmente perigoso, con determinación da identificación deste, debendo anotarse esta circunstancia no Rexistro, na folla rexistral correspondente ó animal e indicando o tipo de adestramento recibido.

4. O certificado de capacitación será outorgado polas administracións autonómicas, tendo en conta, polo menos, os seguintes aspectos:

- a) Antecedentes e experiencia acreditada.
- b) Finalidade da posesión destes animais.
- c) Disponibilidade de instalacións e aloxamentos adecuados desde o punto de vista hixiénico-sanitario, de protección animal e de seguridade cidadá.
- d) Capacitación adecuada dos adestradores en consideración ós requisitos ou titulacións que se poidan establecer oficialmente.
- e) Ser maior de idade e non estar incapacitado.
- f) Falta de antecedentes penais por delitos de homicidio, lesións, torturas, contra a liberdade ou contra a integridade moral, a liberdade sexual e a saúde pública, de asociación con banda armada ou de narcotráfico, así como ausencia de sancións por infraccións en materia de posesión de animais potencialmente perigosos.
- g) Certificado de aptitude psicolóxica.
- h) Compromiso de cumprimento de normas de manexo e de comunicación de datos.

Artigo 8. *Esterilización.*

1. A esterilización dos animais a que se refire esta lei poderá ser efectuada de forma voluntaria por petición do titular ou posuidor do animal ou, se é o caso, obrigatoriamente por mandato ou resolución das autoridades administrativas ou autoridades xudiciais, e deberá ser, en todo caso, inscrita na correspondente folla rexistral do animal.

2. Nos casos de transmisión da titularidade, o transmitente dos animais deberá subministrarlle, se é o caso, ó comprador ou receptor deles a certificación veterinaria de que os animais foron esterilizados.

3. O certificado de esterilización deberá acreditar que a dita operación foi efectuada baixo supervisión veterinaria, con anestesia previa e coas debidas garantías de que non se lle causou dor ou sufrimento innecesario ó animal.

Artigo 9. *Obrigas en materia de seguridade cidadá e hixiénico-sanitarias.*

1. Os propietarios, criadores ou posuidores deberán mante-los animais que se atopen baixo a súa custodia

en adecuadas condicións hixiénico-sanitarias e cos cuidados e atencións necesarios de acordo coas necesidades fisiolóxicas e características propias da especie ou raza do animal.

2. Os propietarios, criadores ou posuidores de animais potencialmente perigosos terán a obriga de cumprir tódalas normas de seguridade cidadá, establecidas na lexislación vixente, de maneira que garantan a óptima convivencia destes animais cos seres humanos e se lle eviten molestias á poboación.

Artigo 10. *Transporte de animais perigosos.*

O transporte de animais potencialmente perigosos haberá de efectuarse de conformidade coa normativa específica sobre benestar animal, debéndose adoptar as medidas precautorias que as circunstancias aconsellen para garanti-la seguridade das persoas, bens e outros animais, durante os tempos de transporte e espera de carga e descarga.

Artigo 11. *Excepcións.*

Cando as circunstancias así o aconsellen, poderán establecerse excepcións ó cumprimento de determinadas obrigas dos propietarios en casos de:

- a) Organismos públicos ou privados que utilicen estes animais cunha función social.
- b) Explotacións agrarias que utilicen cans de garda, defensa e manexo de gando, así como actividades de carácter cinexético, sen que estes poidan dedicarse, en ningún caso, ás actividades ilícitas recollidas nesta lei.
- c) Probas de traballo e deportivas con fins á selección dos exemplares que participan nelas e que están autorizadas e supervisadas pola autoridade competente, con exclusión dos exercicios para pelexas e ataque, segundo o disposto nesta lei.

Artigo 12. *Clubs de razas e asociacións de criadores.*

1. Os clubs de razas e asociacións de criadores oficialmente recoñecidas para leva-los libros xenealóxicos deberán esixir, no marco dos seus regulamentos, as probas de sociabilización correspondentes a cada raza, co fin de que soamente se admitan para a reprodución aqueles animais que superen esas probas satisfactoriamente, no sentido de non manifestar agresividade e, pola contra, demostrar unhas calidades adecuadas para a súa óptima convivencia na sociedade.

2. Nas exposicións de razas caninas quedarán excluídos de participar aqueles animais que demostren actitudes agresivas ou perigosas. Quedará constancia destas incidencias nos rexistros dos clubs e asociacións correspondentes e para os cans potencialmente perigosos deberán comunicárselles ós rexistros a que se refire o artigo 6 desta lei por parte das entidades organizadoras.

CAPÍTULO III

Infraccións e sancións

Artigo 13. *Infraccións e sancións.*

1. Terán a consideración de infraccións administrativas moi graves as seguintes:

- a) Abandonar un animal potencialmente perigoso, de calquera especie e calquera can, entendéndose por animal abandonado tanto aquel que vaia preceptivamente identificado como os que non leven ningunha iden-

tificación sobre a súa orixe ou propietario, sempre que non vaian acompañados de persoa ningunha.

b) Ter cans ou animais potencialmente perigosos sen licenzia.

c) Vender ou transmitir por calquera título un can ou animal potencialmente perigoso a quen careza de licenzia.

d) Adestrar animais para activa-la súa agresividade ou para finalidades prohibidas.

e) Adestrar animais potencialmente perigosos por quen careza do certificado de capacitación.

f) A organización ou celebración de concursos, exercicios, exhibicións ou espectáculos de animais potencialmente perigosos, ou a súa participación neles, destinados a demostra-la agresividade dos animais.

2. Terán a consideración de infraccións administrativas graves as seguintes:

a) Deixar ceibe un animal potencialmente perigoso ou non ter adoptado as medidas necesarias para evita-la súa fuxida ou extravío.

b) Incumpri-la obriga de identifica-lo animal.

c) Omiti-la inscrición no Rexistro.

d) Atoparse o can potencialmente perigoso en lugares públicos sen buceira ou non suxeito con cadea.

e) O transporte de animais potencialmente perigosos con vulneración do disposto no artigo 10 desta lei.

f) A negativa ou resistencia a subministrar datos ou facilita-la información requirida polas autoridades competentes ou os seus axentes, segundo o cumprimento de funcións establecidas nesta lei, así como a subministración de información inexacta ou de documentación falsa.

3. As infraccións tipificadas nas alíneas anteriores poderán levar emparelladas como sancións accesorias a confiscación, comiso, esterilización ou sacrificio dos animais potencialmente perigosos, a clausura do establecemento e a suspensión temporal ou definitiva da licenzia para posesión de animais potencialmente perigosos ou do certificado de capacitación de adestrador.

4. Terá a consideración de infraccións administrativas leves o incumprimento de calquera das obrigas establecidas nesta lei, non comprendidas nos números 1 e 2 deste artigo.

5. As infraccións tipificadas nos anteriores números 1, 2 e 3 serán sancionadas coas seguintes multas:

— Infraccións leves, desde 25.000 ata 50.000 pesetas.

— Infraccións graves, desde 50.001 ata 400.000 pesetas.

— Infraccións moi graves, desde 400.001 ata 2.500.000 pesetas.

6. As contías previstas na alínea anterior poderán ser revisadas e actualizadas periodicamente polo Goberno.

7. O exercicio da potestade sancionadora correspóndelles ós órganos das comunidades autónomas e municipais competentes en cada caso.

8. Consideraranse responsables das infraccións os que por acción ou omisión participasen na comisión delas, o propietario ou posuidor dos animais ou, se é o caso, o titular do establecemento, local ou medio de transporte en que se produzan os feitos, e neste último suposto, ademais, o encargado do transporte.

9. A responsabilidade de natureza administrativa, prevista neste artigo, enténdese sen prexuízo da esixible nas vías penal e civil.

10. Nos supostos en que as infraccións puidesen ser constitutivas de delicto ou falta, a autoridade competente poderá acorda-la incautación do animal ata que a autoridade xudicial provexa respecto del, debendo dar traslado inmediato dos feitos ó órgano xurisdiccional competente.

Disposición adicional primeira. *Obrigas específicas referentes ós cans.*

Para a presenza e circulación en espazos públicos dos cans potencialmente perigosos, será obrigatoria a utilización de correa ou cadea de menos de dous metros de lonxitude, así como unha buceira homologada e adecuada para a súa raza.

Disposición adicional segunda. *Certificado de capacitación de adestrador.*

As comunidades autónomas determinarán, no prazo de seis meses, as probas, cursos ou acreditación de experiencia necesarios para a obtención do certificado de capacitación de adestrador.

Disposición adicional terceira. *Exercicio da potestade sancionadora.*

O procedemento sancionador axustarase ós principios da potestade sancionadora contidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como ó Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, que aproba o regulamento para o exercicio da potestade sancionadora, sen prexuízo das normas autonómicas e municipais que sexan de aplicación.

Disposición transitoria única. *Rexistro municipal.*

Os municipios, no prazo de seis meses a partir da entrada en vigor desta lei, deberán ter constituído o rexistro municipal correspondente e determina-la forma en que os actuais posuidores de cans potencialmente perigosos deberán cumpra-la obriga de inscrición no Rexistro municipal e o mecanismo de comunicación de altas, baixas e incidencias ós rexistros centrais informatizados de cada comunidade autónoma.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Os artigos 4 e 9.1 desta lei teñen carácter básico, ó abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución, que lle atribúe ó Estado competencia en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e bases e coordinación xeral da sanidade.

Os restantes artigos díctanse co fin de garantir adecuadamente a seguridade pública atribuída ó Estado en virtude do disposto no artigo 149.1.29.^a da Constitución, sen prexuízo das competencias que, de acordo cos seus estatutos, teñan atribuídas as comunidades autónomas, en materia de protección de persoas e bens e mantemento da orde pública.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación.*

Facúltase o Goberno para dictar cantas disposicións sexan necesarias para o cumprimento e execución desta lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 23 de decembro de 1999.

JUAN CARLOS R.